

Concurso Letras Galegas Camariñas 2016

Coa ansia de fomentar a creatividade literaria dirixida ao mundo dos nenos e nenas, convócase o Concurso de literatura infantil e xuvenil Letras Galegas Camariñas 2016:

BASES

Primeira.-

Poderán participar todas as persoas que cursen estudos de Educación Infantil, Primaria e ESO nalgún dos centros educativos do Concello de Camariñas ou noutro centro sempre e cando sexan residentes no Concello de Camariñas.

Segunda.-

Establécense uns premios que consisten en bonos para cambiar por calquera artigo nos establecementos do Concello de Camariñas e segundo as seguintes categorías:

- Categoría A: Mellor traballo colectivo Educación Infantil: bono de 80 euros.
- Categoría B:
 - Subcategoría B1: Mellor prosa 1º ciclo de Primaria: bono de 30 euros.
 - Categoría B2: Mellor poesía 1º ciclo de Primaria: bono de 30 euros.
- Categoría C:
 - Subcategoría C1: Mellor prosa 2º ciclo de Primaria: bono de 30 euros.
 - Categoría C2: Mellor poesía 2º ciclo de Primaria: bono de 30 euros.
- Categoría D:
 - Subcategoría D1: Mellor prosa 3º ciclo de Primaria: bono de 30 euros.
 - Categoría D2: Mellor poesía 3º ciclo de Primaria: bono de 30 euros.
- Categoría E:
 - Subcategoría E1: Mellor prosa 1º ciclo de Secundaria: bono de 80 euros.
 - Categoría E2: Mellor poesía 1º ciclo de Secundaria: bono de 80 euros.
- Categoría F:
 - Subcategoría F1: Mellor prosa 2º ciclo de Secundaria: bono de 80 euros.
 - Categoría F2: Mellor poesía 2º ciclo de Secundaria: bono de 80 euros.

Terceira.-

As obras serán individuais, en prosa ou en verso e de tema e extensión libres. Coa excepción das persoas que cursen estudos en Educación Infantil que presentarán as obras de forma colectiva.

As obras serán orixinais, inéditas e escritas en lingua galega.

A presentación farase en papel, tamaño DIN A4, coa letra Times New Roman ou similar e tamaño de letra 12. Establécese unha excepción para as obras das categorías A, B e C que poderán presentarse manuscritas, con letra lexible.

As obras irán encabezadas cun título e asinadas por un pseudónimo. Introdúciranse nun sobre pechado no que figurará a frase “Concurso Letras Galegas Camariñas 2016. Sobre A”, o título da obra e o pseudónimo.

Un segundo sobre pechado conterá a ficha de inscrición cuberta que se anexa a estas bases. No exterior do sobre figurará a frase “Concurso Letras Galegas Camariñas 2016. Sobre B”, o título e o pseudónimo.

Cuarta.-

O prazo de presentación de orixinais comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria no Concello de Camariñas e rematará o día 11 de maio de 2016.

Os sobres A e B presentaranse na Biblioteca Municipal de Camariñas.

Posteriormente á presentación os participantes das categorías D, E e F enviarán a obra por correo electrónico en formato .doc, .docx ou .odt a dirección cultura@camarinas.net.

Quinta.-

O xurado estará presidido polo Concelleiro de Cultura do Concello de Camariñas e, na súa ausencia, pola persoa en quen delegue. Formarán parte del cinco vogais, que serán mestres dos centros educativos do Concello.

Actuará como secretaria/o do Concello de Camariñas un dos membros do xurado.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno, en sesión única, sendo necesaria a asistencia do presidente e un mínimo de dous vogais.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado só abrirá os sobres A e deles elixirá os gañadores das distintas categorías en función da orixinalidade, redacción e presentación das obras.

Non poderá declarar desertos os premios e presentará a súa proposta ao alcalde do Concello de Camariñas, que é o órgano competente para concedelos, antes do 11 de maio de 2016.

O Concello de Camariñas editará unha revista coas obras gañadoras.

O 17 de maio de 2016 farase un acto público ás 12:00 da mañá na Casa de Pedra. No acto lerase a acta do xurado e procederase a entregar os premios aos gañadores.

Séptima.-

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.